

## Dirección Xeral da CRTVG

---



**Modificación da Resolución do 4 de abril de 2022 pola que pola que se establece o procedemento de presentación de proxectos de producións audiovisuais**

**MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DA  
CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A., DE DATA  
4 DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E DOUS, POLA QUE SE  
ESTABLECE O PROCEDIMENTO DE PRESENTACIÓN DE  
PROXECTOS DE PRODUCIONES AUDIOVISUAIS**


En virtude das funcións atribuídas nas aliñas *b* e *i* do Artigo 26.2. da “Lei 9/2011, de 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia”,

**RESOLVO**

Modificar o procedimento de presentación de proxectos de produciones audiovisuais de interese para a Corporación RTVG de acordo co establecido no documento anexo.

En Santiago de Compostela, a 18 de setembro de 2023

**O DIRECTOR XERAL DA CRTVG**



The signature is handwritten in blue ink, appearing to read "Asdo. Alfonso Sánchez Izquierdo". Below the signature, the CRTVG logo is displayed. The logo consists of the acronym "CRTVG" in a bold, sans-serif font, with a stylized blue wavy line graphic to its left. To the right of the acronym, the text "CORPORACIÓN" is written in small capital letters, followed by "RADIO E TELEVISIÓN" and "DE GALICIA" on separate lines. Underneath this, the words "Dirección Xeral" are written in a smaller font.

Asdo. Alfonso Sánchez Izquierdo

## ÍNDICE

<b>I. INTRODUCCIÓN .....</b>	<b>1</b>
<b>II. REFERENCIAS BASICAS.....</b>	<b>3</b>
II.1. De finalidade.....	3
II.2. De marco normativo.....	3
II.3. De responsabilidade e competencia a efectos de decisiones e compromisos de índole contractual.....	3
II.4. De procedemento e operativas.....	4
II.5. De tipoloxía dos proxectos.....	5
II.6. De criterios na valoración.....	5
II.7. De orde contractual.....	7
<b>III. DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA .....</b>	<b>8</b>
III.1. Documentación necesaria para o rexistro inicial .....	8
<b>III.1.1. Documentación a entregar nas propostas de proxectos de Programas de televisión e outros produtos audiovisuais (PT) .....</b>	<b>8</b>
<b>III.1.2. Documentación a entregar nas propostas de proxectos Ficción -películas para televisión, mini-series e series de ficción en xeral- (FC) e de Longametraxes -de ficción- (LO).....</b>	<b>9</b>
<b>III.1.3. Documentación a entregar nas propostas de proxectos de Animación -series e longametraxes- (AN).....</b>	<b>10</b>
<b>III.1.4. Documentación a entregar nas propostas de proxectos de Documentais -series e longametraxes- (DO).....</b>	<b>11</b>
III.2. Documentación requerida tras a resolución e a súa notificación.....	12
<b>IV. DESCRICIÓN EN SECUENCIA DO PROCEDEMENTO NO SEU DESENVOLVEMENTO.....</b>	<b>12</b>
IV.1. Indicacións previas.....	12
IV.2. A presentación de propostas e a verificación da súa suficiencia documental.....	13
<b>IV.2.1. Xeneralidades .....</b>	<b>13</b>
<b>IV.2.3. Entidades interesadas.....</b>	<b>13</b>
<b>IV.2.4. Empresas solicitantes .....</b>	<b>14</b>
<b>IV.2.5. Subcontratación.....</b>	<b>14</b>
<b>IV.2.6. A recepción, rexistro e verificación formal das propostas.....</b>	<b>14</b>
IV.3. A valoración das propostas e a secuencia temporal do procedemento.....	15
IV.4. Caracterización afinada do proxecto .....	15
IV.5. Comisión.....	16
IV.6. A resolución e a súa notificación.....	16
IV.7. Adquisición de dereitos.....	16
<b>IV.7.1 Tratándose de dereitos audiovisuais sobre producción realizada en exclusiva para a Corporación RTVG:.....</b>	<b>16</b>
<b>IV.7.2 Tratándose de apoio á producción cinematográfica.....</b>	<b>17</b>
IV.8. A variante de procedemento para o apoio á producción cinematográfica.....	20
IV.9. Especificacións técnicas e listado de materiais.....	20
<b>V. DISPOSICIÓN ADICIONAL.....</b>	<b>23</b>
<b>ANEXO I. MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE .....</b>	<b>24</b>
<b>ANEXO III. PONDERACIÓN EN PUNTOS DAS DISTINTAS DIMENSIÓN S SEGUNDO MODELOS DE BAREMO .....</b>	<b>29</b>

## I. INTRODUCCIÓN.

En virtude da “Lei 9/2011, de 9 de novembro, de medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia”, o correspondente servizo público préstase desde o 1 de xaneiro de 2016 pola Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A..

Resulta así evidente a necesidade da Corporación de dispoñer de contidos con que nutrir a oferta programada dos medios e canles da súa titularidade e mais o catálogo dos accesibles baixo demanda a través do seu portal na Rede e das plataformas da súa titularidade ou en que participe. A devandita Lei 9/2011 fai explícita esa necesidade segundo se deriva dos seus Arts. 5.1 e 5.2.

Esta Resolución refírese ao procedemento para a presentación á Corporación RTVG de proxectos de producións audiovisuais en réxime de producción adquisición de dereitos audiovisuais sobre producción realizada en exclusiva para a Corporación RTVG (excepcionalmente poderíase contemplar acordos de coproducción e outras formulas de participación) ou a efectos de apoio á producción cinematográfica, neste caso en réxime de adquisición de dereitos e/ou de coproducción ou outras.

Sen prexuízo da liberdade das empresas ou empresarios individuais, que cumpran as condicións que as/os faculten legalmente para o desenvolvemento de producións audiovisuais, de propoñer á Corporación produtos a desenvolver en réxime de dereitos audiovisuais sobre producción realizada en exclusiva para a Corporación RTVG, pola propia lóxica e natureza dese réxime, a mesma Corporación RTVG, segundo os seus criterios de programación e xestión dun repertorio de contidos, resérvase a iniciativa de demandar de axentes integrados no sector da produción audiovisual ofertas dessa índole, de ser o caso mediante convocatorias específicas, e sinalando para elas unhas características dadas acordes a eses criterios. En calquera caso as ofertas presentadas serán obxecto do procedemento establecido na presente Resolución.

Na perspectiva singular do apoio á producción cinematográfica, en congruencia cos termos en que está establecida e regulada a prestación de servizo público que ten encomendada, o interese sinalado da propia Corporación debe ser prioritario á hora de valorar as propostas recibidas, sen prexuízo de contribuír por esa vía ao tal apoio, ben participando directamente delas ou ben mediante adquisición de dereitos; apoio que, como operador audiovisual público, ten determinado. É así que as obrigas nese sentido para a Corporación RTVG:

✓ Derívanse:

- Da “Lei 9/2011, de 9 de novembro, de medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia”; en particular da alíña k do seu Art. 4.1.
- Da “Lei 13/2022, de 7 de xullo, Xeral da Comunicación Audiovisual” e do vixente Mandato Marco.

✓ E especificanse:

- No “Real Decreto 988/2015, de 30 de outubro, polo que se regula o réxime xurídico da obrigación de financiación anticipada de determinadas obras audiovisuais europeas” -e que establece as formas de materializar ese apoio e os valores económicos relativos porcentuais, segundo os casos, sobre os ingresos dos operadores obligados-.

En consecuencia do explicado e ao abeiro da normativa indicada a Corporación RTVG apoia a produción cinematográfica de xeito complementario ao que desenvolven de oficio determinados organismos públicos de titularidade autonómica e estatal. Por esa razón, sen prexuízo de que, de ser o caso, poida formular convocatorias específicas, manterá aberta de xeito continuo a recepción de propostas de proxectos

audiovisuais por parte de quen os promovan cando entendan que poden acollerse ao disposto no devandito R.D. 988/2015.

A Corporación RTVG vén desde o inicio das súas actividades desenvolvendo procedementos e procesos co sentido e finalidade dos regulados nesta Modificación de Resolución. Fíxoo ata o dia de hoxe aplicando a "Resolución da Dirección Xeral da CRTVG, de 4 de abril do 2022, pola que se aproba o procedemento de presentación e valoración de proxectos de programas e producións audiovisuais de interese para Televisión de Galicia, S.A.".

Transcorrido un prazo prudencial dende a resolución do 4 de abril de 2022 pola que se establece o procedemento de presentación de proxectos de producións audiovisuais, e unha vez revisado o seu funcionamento, resulta necesario introducir unha serie de modificacións na mesma ao obxeto de acadar unha maior eficiencia na verificación e restructurar as fases dos procedementos durante o proceso de aprobación de producións audiovisuais.

Por tanto, en atención ao marco normativo que se cita, así como en virtude das atribucións que as aliñas *b* e *i* do Artigo 26.2 da Lei 9/2011 fan á Dirección Xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A., dítase esta Resolución pola que se establece o procedemento de presentación de proxectos de producións audiovisuais para a Corporación RTVG. Faise segundo o que vén de expoñerse e nos termos que se recollen nos capítulos seguintes, II, III e IV.

## II. REFERENCIAS BASICAS.

### II.1. De finalidade.

Na medida que os criterios e o procedemento que se establecen para a presentación de proxectos audiovisuais comprendidos no ámbito de aplicación da presente modificación da Resolución definen, como se dixo, un xeito para a provisión de contidos a xestionar e explotar pola Corporación, tanto quen os propoñan como a Corporación RTVG mesma ao valoralos están suxeitos a tomar como referencia a súa adecuación e contribución aos principios inspiradores da actividade desta que fixa o Art. 4 da Lei 9/2011.

O seu obxectivo primeiro é o de contribuír dun xeito determinado a que a súa actividade verifique positivamente tales principios, de xeito que a Corporación satisfaga a súa misión de servizo público.

Na lóxica que xa foi referida e ao abeiro das determinacións normativas citadas, o procedemento que se establece nos supostos correspondentes ten tamén como obxectivo o apoio á produción cinematográfica.

### II.2. De marco normativo.

Co encadre e os obxectivos referidos, a presentación e valoración dos proxectos obxecto desta Resolución ten como principais disposicións que trazan o marco normativo que a informa, e debe así informar a presentación os proxectos por quen os propoñan, entre outras, as seguintes:

- ✓ A “Lei 9/2011, de 9 de novembro, de medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia”.
- ✓ A “Lei 13/2022, de 7 de xullo, Xeral da Comunicación Audiovisual”.
- ✓ Os Estatutos da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A..
- ✓ O “Real Decreto 988/2015, de 30 de outubro, polo que se regula o réxime xurídico da obrigación de financiación anticipada de determinadas obras audiovisuais europeas”.
- ✓ O “Real decreto lexislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de propiedade intelectual”.
- ✓ O conxunto de normas de autorregulación internas da Corporación ou sectoriais asumidas por ela, singularmente:
  - Os Criterios reidores da dirección editorial da Corporación RTVG.
  - O Código de autorregulación sobre contidos televisivos e infancia.
  - As Recomendación sobre o tratamento da discapacidade nos medios de comunicación.
  - As Recomendacións do Consello de Administración da Corporación RTVG sobre o tratamento dos casos de violencia machista nos medios de comunicación públicos galegos.
  - As Normas reguladoras da Comunicación Comercial Audiovisual emitida a través das canles e servizos conexos e interactivos da Corporación RTVG.
- ✓ Outras disposicións legais de aplicación, de xeito destacado:
  - As relativas ao dereito ao honor, a intimidade persoal e familiar e á propia imaxe das persoas.
  - As que configuran o dereito privado en materia de relacións contractuais.

### II.3. De responsabilidade e competencia a efectos de decisións e compromisos de índole contractual.

Aos efectos dunha comprensión plena do contido desta Resolución, debe sinalarse que, de acordo co Art. 26.2 da Lei 9/2011, de 9 de novembro, actúa como órgano de contratación, e polo tanto a adxudicación e formalización dos contratos seleccionados ao abeiro do procedemento regulado lle compete, a Dirección Xeral da Corporación RTVG, cando a súa contía sexa superior a 250.000 euros. Por delegación daquela, cando o importe sexa inferior a 250.000 euros, compete á Dirección de Departamento Responsable da ÁREA de Contidos.

#### II.4. De procedemento e operativas.

Nos termos que oportunamente se detallan determináñase mediante esta Resolución un procedemento de presentación e valoración de proxectos con dúas variantes en función de dúas características combinadas destes:

- ✓ Segundo a tipoloxía que se establece a seguir no Epígrafe II.5.
- ✓ Segundo opten a ser obxecto de dereitos audiovisuais sobre producción realizada en exclusiva para a Corporación RTVG ou de adquisición de dereitos e/ou coprodución en apoio á producción cinematográfica.

En canto aos efectos desa distinción na variante de procedemento a aplicar en razón da opción contractual á que se orienten, segundo a súa tipoloxía, seguirán a correspondente referida respectivamente a:

- ✓ Propostas de dereitos audiovisuais sobre producción realizada en exclusiva para a Corporación RTVG (excepcionalmente poderíase contemplar acordos de coprodución e outras formulas de participación).
- ✓ Propostas de adquisición de dereitos e/ou de coprodución en apoio á producción cinematográfica.

En calquera das dúas variantes a xestión do procedemento é responsabilidade da Área de Contidos, en particular, segundo se segue do exposto, ben especificamente a través do Servizo Xestión directamente dependente da Dirección de Departamento Responsable dela, ben en conxunto mediante a intervención das instancias que a integran a criterio desta última. A determinación dos proxectos aprobados e non aprobados para a súa contratación; a daqueles que se adían para unha consideración posterior á primeira, de acordo co establecido no propio procedemento segundo logo se expón, e a formulación, no seu caso, dos termos efectivos da contratación serán decisións da Comisión Directiva de Programación, que con relación aos proxectos referidos a propostas de coprodución e/ou adquisición de dereitos se constitúe e actúa en idénticos termos como Comisión de Apoyo á Producción Cinematográfica. A Comisión, en calquera das dúas variantes de procedemento, exerce polo tanto esas responsabilidades a partir dos informes emitidos pola Área de Contidos, segundo corresponde e se detalla.

 Na súa dobre condición de Comisión Directiva de Programación e Comisión de Apoyo á Producción Cinematográfica, en atención ás responsabilidades que se lle atribúen, a Comisión esta composta por:

- ✓ O/a Director/a Xeral.
- ✓ O/a Director/a de Departamento Responsable da Área de Contidos.
- ✓ O/a Xefe/a do Servizo de Xestión, que actuará como secretario/a.
- ✓ O/a Subdirector/a -de Departamento- de Programación e Emisións.
- ✓ O/a Xefe/a do Servizo de Contidos da Subdirección de Departamento de Programación e Emisións.
- ✓ O/a Xefe/a do Servizo de Programación da Subdirección de Departamento de Programación e Emisións.
- ✓ O/a Director/a do Departamento de Asuntos Xurídicos.
- ✓ O/a Director/a do Departamento Económico e de Contabilidade.

O secretario actuará con voz pero sen voto.

A Área de Contidos establecerá mediante unha instrución interna o desenvolvemento funcional do procedemento que se establece nesta Resolución.

## II.5. De tipoloxía dos proxectos.

Esta Resolución considera unha tipoloxía de propostas segundo as características dos produtos referidos nos correspondentes proxectos. Esta tipoloxía e correspondencia é a que segue:

- ✓ Programas de televisión e outros produtos audiovisuais (PT); susceptibles só de proponerse para dereitos audiovisuais sobre producción realizada en exclusiva para a Corporación RTVG (excepcionalmente poderíase contemplar acordos de coproducción e outras formulas de participación).
- ✓ Ficción -películas para televisión, mini-series e series de ficción en xeral- (FC); susceptibles de proponerse tanto para dereitos audiovisuais sobre producción realizada en exclusiva para a Corporación RTVG (excepcionalmente poderíase contemplar acordos de coproducción e outras formulas de participación) como para apoio á producción cinematográfica.
- ✓ Animación -series e longametraxes- (AN); susceptibles de proponerse, no caso das series, tanto para dereitos audiovisuais sobre producción realizada en exclusiva para a Corporación RTVG (excepcionalmente poderíase contemplar acordos de coproducción e outras formulas de participación) como para apoio á producción cinematográfica, e só para esta tratándose de longametraxes.
- ✓ Longametraxes -de ficción- (LO); susceptibles de proponerse para apoio á producción cinematográfica.
- ✓ Documentais -series e longametraxes- (DO); susceptibles de proponerse tanto para dereitos audiovisuais sobre producción realizada en exclusiva para a Corporación RTVG (excepcionalmente poderíase contemplar acordos de coproducción e outras formulas de participación) como para apoio á producción cinematográfica.

Para a valoración das propostas aplicarase un baremo en función desta tipoloxía de produtos, independentemente do tipo de contrato ao que opten.

Excepcionalmente en atención a necesidades de programación debidamente xustificadas, ou ante a necesidade inaprazable de contar cun determinado contido que teña por obxecto temas de actualidade, de excepcional importancia e urxentes para cumplir coa misión de servizo público encomendada, non se seguirá o procedemento de selección indicado.

Nestes casos, a Dirección da ÁREA DE CONTIDOS motivará a necesidade inaprazable de contar con este contido, xustificando os motivos que o levan a seleccionar a unha determinada produtora que, en todo caso, deberá aportar a documentación administrativa precisa.

A data de entrega do produto non poderá ser superior a 10 días desde a data do contrato.

## II.6. De criterios na valoración.

O baremo de valoración atenderá a formulala combinando determinadas dimensións de xuízo distintas a aplicar a cada proxecto presentado, segundo os cinco tipos que configuran a tipoloxía citada, conforme ás súas características e ás condicións de producción e explotación recollidas nel.

A valoración suporá xulgar esas características e condicións desde un criterio fundado en canto, segundo os casos, ao grao en que satisfán as esixencias debidas ou teñen un efecto positivo previsible en esas dimensións.

As dimensións obxecto de valoración son:

- ✓ Calidade. Son elementos da calidade, susceptibles así de valoración: a linguaxe visual proposta en canto o seu atractivo, actualidade e innovación; a calidade técnica e artística nos seus distintos

aspectos segundo o tipo de produto de que se trate; o grao de curiosidade e reflexión que poida xerar no público; o atractivo en razón da estrutura e ritmo que se derive no seu caso do argumento e o/s guión/s; a presenza no elenco técnico e/ou artístico de persoas que constitúan un reclamo para a audiencia; o rendemento funcional que caiba esperar en termos de audiencia e satisfacción de necesidades de programación; o grao de compromiso cos valores éticos e cívico políticos que conforman a actividade da Corporación. Tamén, para determinados tipos produtos, o interese e/ou o suxestivo e orixinal do seu enfoque temático, áinda, se cómpre, o seu rigor; o interese e atractivo dos personaxes; a virtualidade de interacción co público, e a de proxección en redes sociais. En todo caso, a contribución ao servizo público encomendado á Corporación RTVG.

- ✓ Cultura e identidade socio-cultural. Son elementos desta dimensión, susceptibles así de valoración: a familiaridade do tema para a audiencia e a súa identificación con el, ou ben a pretensión de revelar ao público aspectos pouco coñecidos da realidade de Galicia e das súas relacións con outros países e xentes; o seu valor divulgativo; a súa contribución para presentar ou construír a identidade colectiva do país; segundo os casos, o dar continuidade ou actualizar unha ficción emblemática e/ou un producto emblemático da Corporación anterior no tempo, o mesmo que, nalgúns, a virtualidade de proxección en redes sociais.
- ✓ Promoción da lingua galega. Son elementos desta dimensión, susceptibles así de valoración: a potencial contribución do proxecto á normalización lingüística en xeral, ou ben en particular o propoñer un uso especializado do galego ou en ámbitos que non lle son habituais, e no seu caso, o feito de ter como tema lingua ou a literatura galegas.
- ✓ Promoción do talento. Son elementos desta dimensión, susceptibles así de valoración: a potencial contribución do proxecto para estender o recoñecemento de quen interveñen nel, singularmente sendo profesionais galegos/as, segundo o tipo de producción de que se trate, así como para xerar recoñecementos que outorguen prestixio ao sector audiovisual galego e á Corporación RTVG.
- ✓ Promoción de Galicia. Son elementos desta dimensión, susceptibles así de valoración: o potencial dos elementos de producción, contido, posta en escena e visualización para a promoción da imaxe de Galicia en canto país, sociedade, cultura e realidade económico produtiva.
- ✓ Distribución e comercialización. Son elementos desta dimensión, susceptibles así de valoración: o potencial do proxecto para xerar rendements adicionais na súa explotación e, segundo os casos, para ser comercializado.
- ✓ Innovación e tecnoloxía. Son elementos desta dimensión, susceptibles así de valoración: a adecuación e áinda a superación dos estándares técnicos e tecnolóxicos habituais nos produtos da Corporación; segundo os casos, o seu grao de emprego de formas ou linguaxes propias das novas canles de comunicación, o mesmo que, tratándose de animación, se é innovador na tecnoloxía de xeración de imaxes e/ou animación.
- ✓ Xestión responsable. Son elementos desta dimensión, susceptibles así de valoración: a medida en que o proxecto garante a viabilidade efectiva do deseño de producción comprometido; aquela en que o producto recollido no proxecto ten capacidade para dar continuidade, articulación ou contido básico clave á programación; para a ampliar a audiencia total ou o alcance dos medios da Corporación, así como a medida da súa adecuación orzamentaria en comparanza cos outros concorrentes no momento en que é avaliado.
- ✓ Accesibilidade das persoas con necesidades especiais. O elemento desta valoración é a inclusión no proxecto do subtitulado íntegro das locucións e diálogos ou, a maiores, doutros elementos de accesibilidade que van alén das esixencias normativas mínimas ao respecto.

A valoración máxima susceptible de atinxirse por un proxecto será de 100 puntos. Para valorar os proxectos presentados aplicarase unha puntuación, distribuíndo ese máximo posible 100, dentro duns rangos dados, a cada unha das dimensíons devanditas. O peso relativo da valoración máxima desagregada en cada unha das dimensíons modúlase segundo a tipoloxía de proxectos, de acordo cos valores que constan na táboa recollida no Anexo III.

Relativamente aos efectos da puntuación obtida establecese o seguinte: Os proxectos que atinxan ata 50 puntos na valoración serán propostos á Comisión para que esta os desconsidere con carácter definitivo; os que atinxan unha puntuación de 61 ou máis puntos serán propostos á Comisión para que esta os aprobe a efectos de xestión da contratación, adquisición de dereitos ou coprodución, así mesmo, os que atinxan entre 51 e 60 puntos na valoración serán propostos á Comisión para que esta adíe a súa consideración de novo durante un prazo máximo de 18 meses.

#### II.7. De orde contractual.

O procedemento establecido na presente resolución atende aos criterios sobre a normativa de contratación pública referida especificamente á de produtos audiovisuais recollidos no Considerando 23 da "Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública, e pola que se derroga a Directiva 2004/18/CE".

Aprobación dunha proposta, segundo se destine a dereitos audiovisuais sobre producción realizada en exclusiva para a Corporación RTVG ou en apoio á producción cinematográfica, dará lugar, chegado o caso, segundo os diferentes pactos contractuais que cumpran e de acordo cos termos e alcance destes, á disposición dos correspondentes dereitos de emisión e explotación da obra por parte da Corporación.

### III. DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA.

#### III.1. Documentación necesaria para o rexistro inicial

Para a presentación e rexistro, a solicitude deberá ir axustada aos documentos requiridos nesta resolución, que se especifican a continuación. Aquelas propostas que sexan presentadas sen consignar os documentos que se consideran obligatorios poderán ser excluídas.

##### III.1.1. Documentación a entregar nas propostas de proxectos de Programas de televisión e outros produtos audiovisuais (PT).

No caso das propostas deste tipo de proxectos, susceptibles só de propoñerse para dereitos audiovisuais sobre producción realizada en exclusiva para a Corporación RTVG, a documentación incluirá:

1. A ficha de rexistro debidamente cuberta.
2. Unha memoria do proxecto caracterizando:
  - 2.1. O seu deseño e contidos.
  - 2.2. O concepto, sinopse e/ou argumento.
  - 2.3. O público obxectivo ao que se dirixe.
  - 2.4. Os criterios de realización: tratamiento visual, estética, música/s etc..
  - 2.5. Unha proposta de localizacións de gravación e/ou decorados.
  - 2.6. Un tratamento da accesibilidade.
  - 2.7. Unha proposta de programación: medio ou canle e faixa horaria.
  - 2.8. Opcionalmente: previsións de distribución e/ou comercialización, difusión multi-plataforma -TV, internet, dispositivos móveis etc.-.
3. Unha ficha artística que inclúa o elenco participante á vista do público -presentadores/as etc.-.
4. Unha fiche técnica.
5. Unha "escaleta" e, no seu caso, un guión previo.
6. Unha proposta de director/a incluíndo o seu currículo.
7. Unha proposta de autor/a do guión, incluíndo o seu currículo.
8. O orzamento proposto desagregado por partidas, indicando orzamento por episodio e o orzamento total.
9. O plan de producción.
10. Documentación administrativa precisa: declaración responsable (Anexo I) e certificación acreditativa da titularidade dos dereitos cedidos.
11. O historial da empresa produtora -só no caso que presente proxectos por primeira vez-.

Sobre esta documentación o Servizo de Xestión practicará tres tipos de verificacións:

- ✓ A comprobación da integridade e veracidade dos datos contidos na documentación oficial relativa ao proxecto en si.
- ✓ A comprobación da suficiencia dos datos contidos na documentación oficial relativa á persoa ou persoas propoñentes. A tal efecto, en coherencia co Art. 4º do “Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos no que respecta á verificación de datos de identidade e residencia”, e nomeadamente aos recollidos no punto 10.1, os/as interesados/as manifestarán o seu consentimento expreso para que se consulten automaticamente aqueles en poder da Administración ou elaborados polas administracións públicas.

- ✓ A da suficiencia e adecuación formal ao establecido da restante documentación de índole técnica.

### III.1.2. Documentación a entregar nas propostas de proxectos Ficción -películas para televisión, mini-series e series de ficción en xeral- (FC) e de Longametraxes -de ficción- (LO).

No caso das propostas destes dous tipos de proxectos, susceptibles de propoñerse tanto para dereitos audiovisuais sobre producción realizada en exclusiva para a Corporación RTVG como para apoio á producción cinematográfica, a documentación incluirá:

1. A ficha de rexistro debidamente cuberta.
2. Unha memoria do proxecto caracterizando:
  - 2.1. "Storyline".
  - 2.2. Sinopse.
  - 2.3. Guión no caso de longametraxes e películas para televisión; guión piloto e mapa de tramas no caso das series e mini-series.
  - 2.4. O público obxectivo ao que se dirixe.
  - 2.5. Os criterios de realización: tratamiento visual, estética, música/s etc..
  - 2.6. Unha presentación dos personaxes principais e no caso das series e mini-series pódese substituir pola "biblia".
  - 2.7. No caso das películas para televisión, series e mini-series, unha proposta de programación e faixa horaria.
  - 2.8. Unha proposta de localizacións de gravación e/ou decorados.
  - 2.9. Un tratamento da accesibilidade.
  - 2.10. Opcionalmente, unha proposta multi-plataforma -TV, radio, internet, dispositivos móbiles etc.-.
3. Unha ficha artística.
4. Unha ficha técnica.
5. O currículo do/a director/a.
6. O currículo do/a autor/a do guión.
7. O currículo do/a produtor/a executivo/a.
8. O orzamento proposto desagregado por partidas, indicando orzamento por episodio, se é o caso, e o orzamento total.
9. O plan de financiamento, que debe especificar a achega solicitada á Corporación RTVG así como outras achegas previstas e/ou confirmadas e os documentos que o acrediten. No caso das coproducións debe indicar tamén as nacionalidades das partes e as porcentaxes de participación.
10. Unha proposta de cesión de dereitos.
11. Unha estratexia de distribución, comercialización e no seu caso presenza en festivais.
12. O plan de producción.
13. Documentación administrativa precisa: declaración responsable (Anexo I) e certificación acreditativa da titularidade dos dereitos cedidos.
14. O historial da empresa produtora -só no caso que presente proxectos por primeira vez-.

Sobre esta documentación o Servizo de Xestión practicará tres tipos de verificacións:

- ✓ A comprobación da integridade e veracidade dos datos contidos na documentación oficial relativa ao proxecto en si.

- ✓ A comprobación da suficiencia dos datos contidos na documentación oficial relativa á persoa ou persoas propoñentes. A tal efecto, en coherencia co Art. 4º do “Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos no que respecta á verificación de datos de identidade e residencia”, e nomeadamente aos recollidos no punto 13.1, os/as interesados/as manifestarán o seu consentimento expreso para que se consulten automaticamente aqueles en poder da Administración ou elaborados polas administracións públicas.
- ✓ A da suficiencia e adecuación formal ao establecido da restante documentación de índole técnica.

**III.1.3. Documentación a entregar nas propostas de proxectos de Animación -series e longametraxes- (AN).** No caso das propostas deste tipo de proxectos, susceptibles de propoñerse, no caso das series, tanto para dereitos audiovisuais sobre producción realizada en exclusiva para a Corporación RTVG (como para apoio á producción cinematográfica, e só para esta tratándose de longametraxes, a documentación incluirá:

1. A ficha de rexistro debidamente cuberta.
2. Unha memoria do proxecto caracterizando:
  - 2.1. “Storyline”.
  - 2.2. Sinopse.
  - 2.3. Guión ou tratamiento.
  - 2.4. O público obxectivo ao que se dirixe.
  - 2.5. A técnica de animación e o tratamiento artístico: iluminación, ambientación, música/s etc..
  - 2.6. Unha presentación e un deseño dos personaxes principais e, no caso das series, “biblia” gráfica.
  - 2.7. No caso das películas para televisión, series e mini-series, unha proposta de programación e faixa horaria.
  - 2.8. Un tratamento da accesibilidade.
  - 2.9. Opcionalmente, unha proposta multi-plataforma -TV, internet, dispositivos móbiles etc.-.
3. Unha ficha artística (voces).
4. Unha ficha técnica.
5. O currículo do/a director/a.
6. O currículo do/a autor/a do guión.
7. O currículo do/a produtor/a executivo/a.
8. O orzamento proposto desagregado por partidas, indicando orzamento por episodio, se é o caso, e o orzamento total.
9. O plan de financiamento, que debe especificar a achega solicitada á Corporación RTVG así como outras achegas previstas e/ou confirmadas e os documentos que o acrediten. No caso das coproducións debe indicar tamén as nacionalidades das partes e as porcentaxes de participación.
10. Unha proposta de cesión de dereitos.
11. Unha estratexia de distribución, comercialización e no seu caso presenza en festivais.
12. O plan de producción.
13. Documentación administrativa precisa: declaración responsable (Anexo I) e certificación acreditativa da titularidade dos dereitos cedidos.
14. O historial da empresa produtora -só no caso que presente proxectos por primeira vez-.

Sobre esta documentación o Servizo de Xestión practicará tres tipos de verificacións:

- ✓ A comprobación da integridade e veracidade dos datos contidos na documentación oficial relativa ao proxecto en si.
- ✓ A comprobación da suficiencia dos datos contidos na documentación oficial relativa á persoa ou persoas propoñentes. A tal efecto, en coherencia co Art. 4º do "Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos no que respecta á verificación de datos de identidade e residencia", e nomeadamente aos recollidos no punto 13.1, os/as interesados/as manifestarán o seu consentimento expreso para que se consulten automaticamente aqueles en poder da Administración ou elaborados polas administracións públicas.
- ✓ A da suficiencia e adecuación formal ao establecido da restante documentación de índole técnica.

#### III.1.4. Documentación a entregar nas propostas de proxectos de Documentais -series e longametraxes-(DO).

1. A ficha de rexistro debidamente cuberta.
2. Unha memoria do proxecto caracterizando:
  - 2.1. "Storyline".
  - 2.2. Sinopse.
  - 2.3. Guión previo ou tratamiento.
  - 2.4. O público obxectivo ao que se dirixe.
  - 2.5. Os criterios de realización: tratamiento visual, estética, música/s etc..
  - 2.6. Unha presentación dos/as condutores, voces, figuras tratadas, lugares, puntos de vista principais etc..
  - 2.7. Unha proposta de asesores/as se é o caso.
  - 2.8. No caso das series, unha proposta de programación e faixa horaria.
  - 2.9. Unha proposta de localizacións de gravación.
  - 2.10. Un tratamiento da accesibilidade.
  - 2.11. Opcionalmente, unha proposta multi-plataforma -TV, radio, internet, dispositivos móbiles etc.-.
3. Unha ficha técnica.
4. O currículo do/a director/a.
5. O currículo do/a autor/a do guión.
6. O currículo do/a produtor/a executivo/a.
7. O orzamento proposto desagregado por partidas, indicando orzamento por episodio, se é o caso, e o orzamento total.
8. O plan de financiamento, que debe especificar a achega solicitada á Corporación RTVG así como outras achegas previstas e/ou confirmadas e os documentos que o acrediten. No caso das coproducións debe indicar tamén as nacionalidades das partes e as porcentaxes de participación.
9. Unha proposta de cesión de dereitos.
10. Unha estratexia de distribución, comercialización e, no seu caso, presenza en festivais.
11. O plan de producción.
12. Documentación administrativa precisa: declaración responsable (Anexo I) e certificación acreditativa da titularidade dos dereitos cedidos.
13. O historial da empresa produtora -só no caso que presente proxectos por primeira vez-.

Sobre esta documentación o Servizo de Xestión practicará tres tipos de verificacións:

- ✓ A comprobación da integridade e veracidade dos datos contidos na documentación oficial relativa ao proxecto en si.
- ✓ A comprobación da suficiencia dos datos contidos na documentación oficial relativa á persoa ou persoas propoñentes. A tal efecto, en coherencia co Art. 4º do "Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos no que respecta á verificación de datos de identidade e residencia", e nomeadamente aos recollidos no punto 12.1, os/as interesados/as manifestarán o seu consentimento expreso para que se consulten automaticamente aqueles en poder da Administración ou elaborados polas administracións públicas.
- ✓ A da suficiencia e adecuación formal ao establecido da restante documentación de índole técnica.

### **III.2. Documentación requirida tras a resolución e a súa notificación.**

Unha vez aprobada a contratación da proposta, o Servizo de Xestión procederá á súa comunicación, polos mesmos medios da presentación dos proxectos. Nesta comunicación solicitarase a entrega da documentación administrativa precisa. Este será un requisito imprescindible con carácter previo á formalización do contrato polo órgano de contratación da Corporación RTVG.

1. Certificado de estar ao corrente das obligacións tributarias (AEAT e Facenda).
2. Certificado de estar ao corrente coa Seguridade Social.
3. Xustificante pago IAE.
4. Escrituras de constitución e copia autorizada do poder notarial onde se outorga poderes de representación para poder presentar as propostas e asinar o contrato se procede.
5. DNI da/s persoa/s física/s das persoas que van presentar as propostas e asinar o contrato se procede.
6. Eventualmente o solicitante poderá ser requerido pola Corporación RTVG para que presente o rexistro da propiedade intelectual.

A Corporación RTVG poderá requerir á produtora seleccionada o cumprimentos dos requisitos anteriores xunto cos restantes documentos necesarios para a preparación do contrato no prazo de 7 días naturais.

As propostas que non acrediten dentro do prazo o cumprimento das obligacións requiridas ou non presente a documentación en prazo, poderán ser excluídas.

Unha vez finalizado o trámite anterior, a Corporación RTVG poderá requerir a produtora para a formalización do contrato no prazo de cinco días a contar dende a recepción deste.

### **IV. DESCRICIÓN EN SECUENCIA DO PROCEDIMENTO NO SEU DESENVOLVEMENTO.**

#### **IV.1. Indicacións previas.**

O Epígrafe II.4 establece dúas variantes de procedemento segundo se trate de propostas de dereitos audiovisuais sobre producción realizada en exclusiva para a Corporación RTVG e en apoio da producción cinematográfica. Por claridade expositiva referirase como procedemento xeral o primeiro e, logo, no Epígrafe III.5, as particularidades que singularizan o segundo.

Os procedementos concíbense en cinco fases:

- ✓ Presentación, rexistro e verificación da corrección formal e suficiencia da documentación.

- ✓ Análise e valoración.
- ✓ Opcionalmente, caracterización afinada do proxecto
- ✓ Comisión
- ✓ Resolución.

A proposta de resolución positiva materializarase nunha decisión da Comisión, a proposta á súa vez da Área de Contidos e previo informe de valoración, de acordo coas normas legais vixentes por parte da Corporación RTVG.

#### IV.2. A presentación de propostas e a verificación da súa suficiencia documental.

##### IV.2.1. Xeneralidades

Sen prexuízo do que se establece en canto aos prazos de resolución, a recepción de propostas de proxectos audiovisuais comprendidos no ámbito de aplicación desta Resolución manterase aberta de continuo ao longo dos sucesivos exercicios anuais. Para a tramitación de expedientes de gasto será necesario certificar por parte da Área de Contidos e contabilizarse pola Área de xestión Corporativa a existencia de crédito axeitado e a suficiencia de orzamento da Corporación RTVG.

A documentación mencionada nesta Resolución a achegar polos/as propoñentes de proxectos de producción audiovisuais entregarase ou remitirase ao Servizo de Xestión da Área de Contidos nunha copia en soporte dixital. A ficha de rexistro a cubrir ofrécese no Anexo II.

Aos efectos de localización. Entrega e contacto en orde ao anterior a referencia a considerar por quien formulen unha proposta é: Servizo de Xestión da Área de Contidos, Corporación RTVG; San Marcos, 15820. Santiago de Compostela. Enderezo electrónico: [proxectosAV@crtvg.gal](mailto:proxectosAV@crtvg.gal); teléfono: 981 540 862.

A súa recepción e rexistro é responsabilidade do Servizo de Xestión da Área de Contidos que as tramitará ~~do xeito~~ que se describe.

Para a presentación e rexistro, a solicitude deberá ir axustada aos documentos requiridos nesta resolución, que se especifican no punto III.1. Aquelas propostas que sexan presentadas sen consignar os documentos que se consideran obligatorios poderán ser excluídas.

##### IV.2.3. Entidades interesadas.

Poderán presentar as propostas para solicitude de financiamento anticipado de obra audiovisual europea todas as persoas físicas ou xurídicas constituídas como produtoras independentes e dadas de alta no IAE.

Entenderase por produtora independente, aos efectos desta resolución, toda persoa física ou xurídica que non estea vinculada de forma estable nunha estratexia empresarial común a un prestador de servizos de comunicación audiovisual obrigado a cumplir o disposto nos artigos 117 a 119 da Lei 13/2022, de 7 de xullo, xeneral de comunicación audiovisual, e que asume a iniciativa, coordinación e risco económico da producción de programas ou contidos audiovisuais, por propia iniciativa ou por solicitude, e a cambio dunha contraprestación ponos a disposición do devandito prestador de servizos de comunicación audiovisual.

Cando a persoa xurídica sexa unha agrupación de interese económico (AIE), os requisitos citados deberán ser cumpridos por todas as empresas que a integran no momento da súa constitución.

#### IV.2.4. Empresas solicitantes

A sinatura do contrato será realizado coa empresa titular dos dereitos de propiedade da obra audiovisual na medida que sexan necesarios para a explotación e comercialización desta.

En caso de empresas coproductoras, a sinatura de contrato implicará a todas as empresas titulares dos dereitos de propiedade da obra audiovisual na medida que sexan necesarios para a explotación e comercialización desta salvo que no contrato de coproducción se reserve explicitamente dito derecho en favor da empresa solicitante para asinar coa Corporación RTVG.

Só poderán participar neste procedemento as empresas solicitantes que teñan unha participación igual ou superior ao 20% na producción audiovisual presentada á convocatoria. Se o proxecto se realizase en coproducción internacional, a porcentaxe do proxecto audiovisual refírese exclusivamente á parte española.

Os solicitantes non poderán ter vinculación laboral coa Corporación RTVG.

Non poderán presentar propostas aquelas empresas que teñan pendentes a presentación ou pagos vencidos de liquidacións por contratos audiovisuais anteriores.

#### IV.2.5. Subcontratación.

A PRODUTORA deberá indicar se ten previsto subcontratar con terceiros a realización parcial da obra.

Considérase subcontratación o encargo a un terceiro da execución de calquera parte da obra audiovisual incluída na actividade principal da produtora.

No caso de concertar con terceiros a realización parcial da obra deberase indicar á Corporación RTVG a actividade subcontratada, a porcentaxe que supón sobre o orzamento total da obra e a identidade do/s subcontratista/s.

Non se admitiran subcontracóns superiores ao 75% do orzamento total da obra, salvo circunstancias excepcionais debidamente xustificadas.

No caso de subcontracóns superiores ao 50% do orzamento cun mesmo subcontratista deberase xustificarse os motivos polos que a contratación non se realiza con quen efectúa a maior parte da prestación.

No caso de subcontracóns superiores ao 30% do orzamento cun mesmo subcontratista, este deberá presentar a declaración responsable que se anexa a este documento.

#### IV.2.6. A recepción, rexistro e verificación formal das propostas.

A recepción da proposta implicará o seu rexistro asignándosele un identificador.

A partir da verificación polo Servizo de Xestión da documentación dun proxecto en canto a que estea completa e con plena corrección formal, as eventuais carencias darán lugar a unha comunicación co seu detalle, requirindo ao/á propoñente a súa corrección, sexa por emenda sexa por adición de novos datos ou documentos. O prazo máximo para a corrección requirida será de 7 días naturais a partir da súa comunicación. Se o/a o propoñente non procede nese prazo á corrección indicada, faráselle saber a exclusión a todos os efectos do proxecto correspondente do procedemento.

Os proxectos rexistrados e coa documentación completa e correcta segundo o descrito serán obxecto de valoración.

#### IV.3. A valoración das propostas e a secuencia temporal do procedemento.

A partir da súa remisión polo Servizo de Xestión, a valoración das propostas de proxectos audiovisuais farase pola ÁREA de Contidos de acordo co establecido, aplicando un xuízo fundado e obxectivado mediante o modelo de baremo que corresponda en cada caso, xerando así unha puntuación global para cada proposta en razón da obtida nas súas distintas dimensíons. Como resultado xerarase un informe de valoración para cada proposta. A puntuación global alcanzada predetermina os efectos da valoración segundo os límiales consignados. En calquera caso o informe de valoración elaborado pola ÁREA de Contidos presentarase á consideración da Comisión ou nunha acta de preselección.

A criterio do/a Director/a de Departamento Responsable da ÁREA de Contidos, e en función das necesidades de programación, a Comisión reunirase con carácter ordinario cantas veces sexa preciso ao longo de cada exercicio procurando non obstante unha frecuencia aproximada mensual, e con carácter extraordinario cando sexa preciso.

A dinámica temporal do procedemento a partir do rexistro satisfactorio dunha proposta virá dado pola secuencia de convocatorias ordinarias da Comisión Directiva de Programación. Esta é convocada polo/a Director/a de Departamento Responsable da ÁREA de Contidos para unha data determinada. A Comisión tomará coñecemento e pronunciarase así sobre as propostas comprendidas nun ciclo temporal definido por una data de inicio e outra de fin. Cada ciclo ábrese na data seguinte inmediata á aquela en que se pechou o anterior. A determinación das datas devanditas corresponde ao/a Director/a de Departamento Responsable da ÁREA de Contidos.

A ÁREA de Contidos emitirá os correspondentes informes de valoración que, de ser de o caso, se materializarán nas solicitudes de crédito que procedan. Así informados, os proxectos presentaranse á Comisión, que se pronunciará sobre eles, unha vez reunida, con relación ao conxunto dos satisfactoriamente rexistrados no ciclo temporal de que se trate obxecto da súa convocatoria.

Ademais o Servizo de Xestión, a propósito de cada reunión da Comisión en que esta entenda de contratación, nomeadamente así as de carácter ordinario, xerará unha acta e a documentación complementaria precisa para deixar constancia da aplicación do procedemento a cada proxecto rexistrado e á suma destes.

#### IV.4. Caracterización afinada do proxecto

Se a ÁREA de Contidos así o considera, revisarase a parte de caracterización do proxecto cando proceda, de acordo coas necesidades de programación en relación a idea orixinal do proxecto que pode levar asociadas adaptacións de tipo técnico e económico co fin de mellorar a súa potencialidade na grella en termos de audiencias e servizo público. Ademais a ÁREA de Contidos poderá revisar a proposta de cesión de dereitos axustándoa as necesidades e estándares de participación da Corporación RTVG. Isto recollerase nunha acta de preselección.

No seu caso a ÁREA de Contidos procederá a contactar coas produtoras para as adaptacións concretas en que a obra audiovisual podería alcanzarse. Os termos concretos serán recollidos nunha acta individualizada por cada proposta, que sexa obxecto de adaptación, onde se recollan os termos da mesma.

#### IV.5. Comisión

A Área de Contidos ben pola análise e valoración ou ben pola caracterización afinada do proxecto, emitirá os correspondentes informes de valoración que, de ser o caso, se materializarán nas solicitudes de crédito que procedan. Así informados, os proxectos presentaranse á Comisión, que se pronunciará sobre eles, unha vez reunida, con relación ao conxunto dos satisfactoriamente rexistrados no ciclo temporal de que se trate obxecto da súa convocatoria.

#### IV.6. A resolución e a súa notificación.

A proposta de resolución positiva materializarase nunha decisión da Comisión previo informe de valoración, de acordo coas normas legais vixentes por parte da Corporación RTVG.

Instruído o procedemento, á vista do expediente de cada proposta en canto veracidade e suficiencia da documentación oficial requirida, da puntuación do informe de valoración e, se cómpre, da certificación e verificación de crédito, a Comisión directiva de Programación instará a resolución que corresponda. Ditada esta, o Servizo de Xestión procederá a súa comunicación, polos medios e nos termos correspondentes, aos/ás propoñentes antes de que transcorra un mes desde a celebración da reunión correspondente da Comisión. Ademais, no seu caso, incoará a tramitación do expediente administrativo correspondente para a formalización do contrato entre a Corporación RTVG e os/as propoñentes do proxecto audiovisual de que se trate.

#### IV.7. Adquisición de dereitos.

En termos xerais, agás un pacto específico que no seu caso se formulará explícitamente no contrato a subscribir, o contido básico das adquisicións pola Corporación de produtos audiovisuais derivados do procedemento regulado responderá ao seguinte:

##### IV.7.1 Tratándose de derechos audiovisuales sobre producción realizada en exclusiva para a Corporación RTVG:

En termos xerais, agás un pacto específico que no seu caso se formulará explícitamente no contrato, a integridade dos dereitos adquiridos pola Corporación RTVG comprenderá::

- 
- ✓ Os dereitos de reproducción e comunicación pública por televisión da obra audiovisual.
  - ✓ Estes dereitos de comunicación pública son adquiridos calquera que sexa o sistema e modos de emisión empregados; así a televisión dixital terrestre (TDT), satélite, cable/IPTV e internet, e calquera modalidade de emisión análoga ás mencionadas.
  - ✓ A cesión comprende a posta a disposición do público (previa reproducción instrumental da obra) por procedementos con ou sen fíos, de tal forma que calquera persoa poida acceder á obra dende o lugar e no momento que elixa; a título enunciativo e non excluínte inclúense os servicios baixo calquera modalidade de "catch up", vídeo baixo demanda (VOD) e a videogravación remota e calquera outra análoga ás anteriores. Tamén se poderá reproducir e realizar a posta en disposición a través de redes sociais e plataformas de compartición de contidos de forma integra ou fragmentada.
  - ✓ Estes dereitos son adquiridos en exclusiva, con facultade de cesión exclusiva a terceiros, para todo o mundo e polo tempo máximo establecido no texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual, ata a entrada da obra no dominio público.
  - ✓ En igual extensión temporal, territorial e de exclusividade a Corporación RTVG adquire os dereitos de reproducción, comunicación pública e distribución videográfica e fonográfica en todo tipo de sistemas, xa

sexas en réxime de préstamo, alugamento ou de venda directa. Incluíndo a exhibición en todo tipo de salas e lugares onde se esixa ou non pagamento de entradas, así como en todo medio de transporte público.

- ✓ En igual extensión temporal, territorial e de exclusividade, a produtora cede á Corporación RTVG o dereito de transformación da versión galega da obra audiovisual, incluíndo a dobraxe e/ou subtitulación a todas as linguas, incluída a propia dos artistas, para a súa explotación en todas as modalidades anteditas.
- ✓ O devandito dereito de transformación comprende, así mesmo, o dereito de edición separada de calquera parte da obra, así como o de sincronización noutras obras audiovisuais.
- ✓ O exercicio de cada un destes dereitos de explotación efectuarase pola Corporación RTVG e os seus cesionarios sen outras limitacións que o respecto ao dereito moral dos autores e demais límites que estableza a lei.

#### IV.7.2 Tratándose de apoio á producción cinematográfica.

En termos xerais, agás un pacto específico que no seu caso se formulará explícitamente no contrato a integridade dos dereitos adquiridos pola Corporación RTVG comprenderá:

##### Dereitos de explotación.

A Corporación RTVG adquirirá como mínimo a participación no mesmo **porcentaxe que a participación sobre o plan de financiamento** sobre a obra audiovisual para a Corporación RTVG. A participación adquirida será sobre a integridade dos dereitos de explotación da propiedade intelectual e industrial da obra audiovisual, e dos seus elementos, en todas as modalidades de explotación das que sexan susceptibles e en todos os idiomas e versións, sen prexuízo do establecido no punto seguinte sobre dereitos de comunicación pública..

A integridade dos dereitos de explotación e todos os seus elementos, de natureza intelectual, industrial e de imaxe dos que é susceptible a obra e os seus elementos, en particular e con mero carácter enunciativo, e non limitativo ou excluyente, comprende:

1.1 Os **dereitos de reproducción, comunicación pública por televisión e de posta a disposición por medios telemáticos**, que poderán ser exercitados calquera que sexa o sistema e modalidade técnica empregada, televisión dixital terrestre (TDT), satélite, cable/IPTV e internet e calquera modalidade de emisión análoga ás mencionadas.

1.2. Os **dereitos de reproducción, comunicación pública e distribución videográfica** en todo tipo de sistemas, xa sexa en réxime de préstamo, alugamento ou de venda directa. Inclúese todo soporte de videogramas, o compact disc interactivo (CDI), o vídeo dixital interactivo (DVI) o DVD e o CD-ROM, e calquera outro formato coñecido, incluídas as redes de telecomunicación informática e as bases de datos en calquera soporte, así como o de posta a disposición.

1.3. O **dereito de comunicación pública e distribución en todo tipo de salas de exhibición cinematográficas**, de ser o caso, e en calquera outro tipo de salas e lugares onde se esixa ou non o pagamento dunha entrada.

1.4. O dereito de reproducción da obra audiovisual para a súa distribución e comunicación pública en barcos, aeronaves, autobuses e trens.

1.5. Os dereitos de remuneración que a lexislación sobre a propiedade intelectual confire aos produtores, como copia privada, retransmisión por cable e comunicación pública da obra audiovisual en lugares accesibles ao público mediante calquera instrumento idóneo, correspondentes a toda versión e territorios.

**1.6. O dereito de dobraxe e subtitulación da obra a outros idiomas.**

1.7. Igualmente entenderánse comprendidos a explotación dos dereitos non televisivos tales como, edición impresa de guións, explotación de fotogramas e fonogramas en todas as modalidades coñecidas "remake", transformación de argumentos e guións para a realización de obras seriadas, etc...,

1.8. O exercicio dos dereitos de explotación efectuarase sen outras limitacións que o respecto ao derecho moral dos autores e demais límites que estableza a Lei.

**Dereitos de reproducción e de comunicación pública por televisión e OTT/internet da versión galega.**

A Corporación RTVG adquirirá os seguintes dereitos sobre a obra audiovisual, para todo o mundo, sobre a versión orixinal en lingua galega:

De reproducción e de comunicación pública por televisión da versión galega para para todo o mundo.

A produtora cederá e a Corporación RTVG adquirirá os dereitos de reproducción e de comunicación pública por televisión da obra en versión galega calquera que sexa o sistema e modos de emisión empregados; televisión dixital terrestre (TDT), satélite, cable/IPTV e internet e calquera modalidade de emisión análoga ás mencionadas.

A cesión comprende a posta a disposición da obra por procedementos con ou sen fíos, de tal forma que calquera persoa poida acceder á obra desde o lugar e no momento que elixa; a título enunciativo e non excluínte inclúense os servizos baixo calquera modalidade de "catch up", vídeo baixo demanda (VOD) e a videogravación remota e calquera outra análoga ás anteriores. Tamén se poderá reproducir e realizar a posta en disposición a través de redes sociais e plataformas de compartición de contidos de forma integra ou fragmentada.

Estes dereitos poderán ser exercitados pola Corporación RTVG para todo o mundo e sen límite de pases, de forma gratuítia ou mediante pagamento e ata a entrada da obra no dominio público.

Estes dereitos son adquiridos en exclusiva para a súa emisión por televisión en aberto e gratuítia no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. Enténdese por televisión en aberto e gratuítia aquela na que o telespectador accede ao sinal que chega ao seu receptor de maneira gratuítia, sen necesidade de aboar subscrición, cota ou abono ningún.

Así, a produtora non poderá ceder os dereitos sobre a obra audiovisual a ningunha outra televisión que emita en aberto e gratuítio desde a Comunidade Autónoma de Galicia ou que se reciba, en aberto e gratuítio, nese territorio en calquera versión lingüística.

Sen prexuízo do anterior, a produtora poderá ceder a versión en castelán á unha (1) empresa de televisión de ámbito nacional que emita en aberto e gratuíto, comunicando, previamente, as condicións á Corporación RTVG para a súa conformidade, e sempre que o inicio do período licenza da mesma non sexa anterior ao da Corporación RTVG.

A efectos deste dereito enténdense por versión en lingua galega a realizada ou dobrada a esa lingua incluídos os títulos de apertura e os de crédito. No caso de que polo tipo de obra sexa necesario manter partes noutras linguas, estas terán que estar subtituladas ao galego. Non se considera versión galega a que conteña dobraxe ou subtitulados a outra lingua.

A porcentaxe de participación da Corporación RTVG nos dereitos de explotación establecidos anteriormente, devengarase sobre os ingresos netos xerados que efectivamente lle corresponda percibir á produtora derivados da explotación e distribución da obra audiovisual nos termos enriba mencionados.

Os ingresos que computarán a efectos do previsto neste contrato serán todos os efectivamente percibidos pola produtora, derivados da explotación da obra e dos seus elementos, unha vez que, do total de ingresos que se produzan, se desconten os gastos da distribución da obra audiovisual, comisións de distribución, e calquera outra cantidade que, conforme aos contratos asinados pola produtora cos distribuidores ou axentes de vendas, sexan susceptibles de dedución antes de efectuar liquidacións a favor da produtora e do resto dos posuidores de dereitos de explotación.

Non computan como ingresos as cantidades incluídas no Plan de Financiamento incluído na documentación requirida.

En relación cos dereitos de explotación compartidos polas partes, as negociacións das operacións de venda, distribución ou calquera outra clase, ou xestión relacionada coa explotación da obra, e dos seus elementos, as partes acordarán que sexan efectuadas pola produtora, previa autorización da Corporación RTVG e debéndolle comunicar a esta cada un dos contratos subscritos.

#### Inicio e duración dos dereitos adquiridos.

Os dereitos establecidos no apartado primeiro (% participación), poderán exercitarse pola Corporación RTVG dende a sinatura do contrato e ata a entrada da obra audiovisual no dominio público.

Os dereitos establecidos no apartado segundo (Dereitos comunicación pública) poderán exercitarse pola Corporación RTVG transcorridos os dezanove (19) meses dende a súa estrea en salas cinematográficas ou nun festival; no caso de non terse estreado cinematograficamente ou nun festival con anterioridade, os dereitos poderán ser exercitados pola Corporación RTVG e os seus cesionarios, transcorrido un (1) ano dende a entrega e recepción en conformidade dos materiais da obra audiovisual, para todo o mundo, sen límite de pases e ata a entrada da obra audiovisual no dominio público.

En calquera caso a Corporación RTVG determinará en cada contrato o alcance e as condicións dos seus dereitos sobre a obra audiovisual de que se trate.

#### IV.8. A variante de procedemento para o apoio á produción cinematográfica.

A variante de procedemento para o apoio á produción cinematográfica caracterízase e singularízase respecto do procedemento xeral descrito nos epígrafes precedentes deste capítulo, a aplicar en todo ás propostas de dereitos audiovisuais sobre producción realizada en exclusiva para a Corporación RTVG, unicamente polas notas distintivas seguintes:

- ✓ A efectos de presentación de propostas non inclúe, como quedou dito, Programas de televisión e outros produtos audiovisuais (PT).
- ✓ A efectos de consecuencias do rexistro, non precisa da toma de razón pola Comisión de Apoio á Producción Cinematográfica da asignación de procedemento, pois é que, previamente constituída como Comisión Directiva de Programación, xa a fai de que proxectos deben ser valorados nesta variante.
- ✓ A efectos de calendario de reunións e ciclos de valoración Comisión de Apoio á Producción Cinematográfica reunirase con carácter ordinario cantas veces sexa preciso ao longo de cada exercicio, cando menos dúas, procurando unha frecuencia aproximada semestral salvante que o volume de propostas xustifique a xuízo do Servizo de Xestión unha maior; con carácter extraordinario cando sexa preciso.
- ✓ En consecuencia, co mesmo criterio de establecemento de datas para os ciclos de valoración que para o a variante de procedemento relativo ás propostas de dereitos audiovisuais sobre producción realizada en exclusiva para a Corporación RTVG, a dinámica temporal desta, a partir do rexistro satisfactorio dunha proposta virá dado pola secuencia de convocatorias ordinarias da Comisión de Apoio á Producción Cinematográfica.

#### IV.9. Especificacións técnicas e listado de materiais.

En termos xerais salvo nun pacto específico a empresa deberá entregar os materiais conforme ás seguintes características técnicas:

##### A - FORMATO VÍDEO:

Resolución: 1920x1080

Frecuencia de cadros: 50fs

Mostraxe: 4:2:2

Bits de cuantificación 10

Encapsulado: MFX OP-1a

Códec de vídeo: XAVC Long Gop 50

Taxa binaria: 50 Mbps

##### B- FORMATO AUDIO:

Codificación (EBU R85): PCM. Estéreo ou canles discretas monoaurais.

Bits por mostra: 24

Frecuencia de mostraxe: 48 kHz

Nivel de sonoridade: (EBU R128): -23.0 LUFs

Nivel de referencia: -18 dBFS (1 kHz)

Nivel de pico máximo (Maximum Permitted True Peak Level): -1 dBTP

Pista 1	PGM L (GLG)
Pista 2	PGM R (GLG)
Pista 3	PGM L (GLG)
Pista 4	PGM R (GLG)
Pista 5	INT L (M+E-Soundtrack)
Pista 6	INT R (M+E-Soundtrack)
Pista 7	LOC L
Pista 8	LOC R
Pista 9	Músicas L
Pista 10	Músicas R

PGM (GLG): Máster de emisión (versión galego)

INT L/R: Audio Internacional "(M+e-Soundtrack)" ou (Ambientes). No caso dos audios 5 e 6, priorízase sempre o M+E-Soundtrack sobre os ambientes.

LOC: Insertos, Off, locución.

Músicas: Músicas, "playback".

Os archivos empezarán sempre no código 00:00:00.00, deixando sempre 10 cadros "frames" de negro ao principio e ao final de cada contido.

Ademais do anterior deberase entregar unha versión do master principal libre de printers ou grafismos (**versión limpia**) da obra.

#### **Entrega dixital:**

A entrega farase por Ftp, para o que a Corporación RTVG facilitará á **EMPRESA** un usuario e contrasinal á tal efecto.

#### **C.- FICHEIRO XML:**

A Corporación RTVG facilitará á **EMPRESA** un ficheiro .xml cos campos de Metadata (Título, sinopse, ficha técnica, ficha artística, etc) que a produtora deberá entregar debidamente cumplimentada.


#### **D.- FICHEIRO .STL DE SUBTITULADO XORDOS e FICHEIRO .SRT PARA A WEB**

A **PRODUTORA** deberá entregar á Corporación RTVG a obra audiovisual subtitulada á lingua galega, sincronizado co vídeo, entregaranse douis ficheiros, un con extensión .stl e outro con extensión .srt. Ambos segundo a Referencia Técnica 3264-E da UER.

**E.- DOCUMENTACIÓN:** O resto da documentación deberá ser entregada en soporte informático:

- Copia dos tratamentos técnicos definitivos
- Sinopse do programa. Unha descripción xenérica do programa para ilustrar seu contido nas plataformas da Corporación RTVG.
- Sinopse de episodio/capítulo. Ten que remitir unha descripción específica de cada capítulo/episodio.
- Fotografías que servirán para mostrar o programa nas plataformas da Corporación RTVG. Polo tanto deben estar especialmente coidadas e non se aceptarán capturas de pantalla nin fotografías de móbiles en baixa calidad. Concretamente:
  - Unha fotografía xenérica do programa en unha calidad mínima de 1920x1080 a 72ppp.
  - Dúas fotografías para ilustrar cada capítulo de 1920x1080 a 72 ppp. Deben reflectir o tema específico do capítulo (do que se produce nel) e os seus protagonistas específicos.
  - Fotos dos protagonistas do programa ou da serie: imaxes posadas de presentadores, personaxes, concursantes, etc. A produtora fará o seu mellor esforzo para proporcionar imaxes cun fondo branco ou algún tipo de "croma" que facilite as siluetas.
- Relación de músicas empregadas, con indicación de títulos, tempos, autores, intérpretes e executantes, que deberá entregarse na Asesoría Xurídica da Corporación RTVG.
- Guión ou escaleta e diálogos.
- Cabeceira en formato HD 1920x1080 cando a haxa.
- Fuente tipográfica e fondos gráficos en formato HD 1920x1080.
- Logo-marca: en formato vectorial (eps ou ai) nas súas versións horizontal e vertical, así como as súas diferentes aplicacións en positivo, negativo e a toda cor. Tamén hai que especificar se algún dos elementos gráficos que compoñen a marca pode utilizarse como "símbolo" de forma independente.
- Teasers: formato mp4, con subtítulos incorporados. Este requerimento pode ser eximido no caso de que sexa incompatible coa estratexia dixital que propoña o creador. Concretamente:
  - Teaser de 15 segundos en formato 16:9 para consumo horizontal, e tamén vertical, de cada capítulo (sempre que non sexan programas diarios).
  - Teaser de 20 segundos en 16:9 que pese menos de 20MB.
- Tráilers con subtítulos incorporados e en formato 16:9. Este requerimento pode ser eximido no caso de que sexa incompatible coa estratexia dixital que propoña o creador. Concretamente:
  - Un tráiler de redes sociais de 40 segundos para toda a tempada.
  - Un tráiler de redes sociais de 40 segundos para cada capítulo/episodio (sempre que non sexan programas diarios).
- Outros possibles materiais adicionais e/ou promocionais a pactar coa Corporación RTVG

A efectos aclaratorios, a Corporación RTVG non estará obrigada a devolver ningún dos soportes nos que a EMPRESA realice as entregas de documentación e material previstas neste contrato.



## V. DISPOSICIÓN ADICIONAL.

1ª. Esta Resolución entrará en vigor aos 15 días naturais da data en que se dita e asina.

## ANEXO I. MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

### DECLARACIÓN RESPONSABLE

DENOMINACIÓN DO PROYECTO AUDIOVISUAL	
---	--

#### DATOS DA PERSOA XURÍDICA

Entidade mercantil que representa:	
NIF:	

#### DATOS DA PERSOA QUE DECLARA

Nome:	Apelidos:	NIF:
Teléfono:	Fax:	Correo electrónico:
Endereço de contacto:		

#### **1.- DECLARO RESPONSABLEMENTE:**

1. Que son certos os datos que se indican nesta declaración responsable.
2. Que non concorren as seguintes circunstancias na empresa á que represento:
  - a) Ter solicitada a declaración de concurso voluntario, ser declaradas insolventes en calquera procedemento, estar declaradas en concurso, salvo que neste adquirira eficacia un convenio ou se iniciara un expediente de acordo extrajudicial de pagamentos, estar suxeitos a intervención xudicial ou ser inhabilitados conforme á Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que conclúira o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso
  - b) Ser condenadas con carácter firme por infracción grave en materia profesional que poña en dúbida a súa integridade, de disciplina de mercado, de falseamento da competencia, de integración laboral e de igualdade de oportunidades e non discriminación das persoas con discapacidade, ou de estranxeiría, de conformidade co establecido na normativa vixente; ou por infracción moi grave en materia medioambiental, de conformidade co establecido na normativa vixente, ou por infracción moi grave en materia laboral ou social, de acordo co disposto no texto refundido da lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, de 4 de agosto así como pola infracción grave prevista no artigo 22.2. do citado texto.
  - c) Ser condenadas mediante sentenza firme por delitos de terrorismo, constitución ou integración dunha organización ou grupo criminal, asociación ilícita, financiamento ilegal dos partidos políticos, trata de seres humanos, corrupción nos negocios, tráfico de influencias, suborno, fraudes, delitos contra a Facenda Pública e a Seguridade social, delitos contra os dereitos dos traballadores, prevaricación, malversación, negociacións prohibidas aos funcionarios, branqueo de capitais, delitos relativos á ordenación do territorio e o urbanismo, la protección do patrimonio histórico e o medio ambiente, ou á pena de inhabilitación especial para o exercicio de profesión, oficio, industria ou comercio.

3. Que non forma parte dos órganos de goberno ou administración da entidade ningún alto cargo a que se refire a Lei 3/2015, do 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración xeral do Estado, da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, nin se trata de calquera dos cargos electivos regulados na Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, nos termos establecidos nesta.
4. Que a entidade á que represento conta coa capacidade de obrar necesaria para contratar coa Corporación RTVG, conforme aos preceptos do código civil.
5. Que a entidade á que represento conta coa capacidade económica e técnica necesaria para a produción da obra audiovisual que presenta á Corporación RTVG, comprometéndose a acreditala ante a Corporación RTVG antes da subscrición do contrato.
6. Que me comprometo a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes para este fin e a realizar a obra segundo o orzamento que se xunta.
7. Que acreditaréi a posesión e validez dos documentos necesarios para contratar coa Corporación RTVG e achegarei ditos documentos, cando así me sexa requirido en calquera momento anterior á formalización do contrato.
8. Que a entidade á que represento cumple coa normativa vixente, especialmente o Estatuto dos Traballadores e o convenio colectivo que resulte de aplicación, así como coa Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualade efectiva de mulleres e homes. Ademais cumple puntualmente coas súas obrigas salariais cos seus traballadores e co pagamento das cotas da Seguridade social.
9. Que a entidade á que represento está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, facenda estatal e autonómica e coa Seguridade Social, impostas polas disposicións vixentes.
10. Que a entidade á que represento está dada de alta na matrícula correspondente do imposto de actividades económicas:

#### **OPCIÓNS (marcar unha das opcións)**

- Está ao corrente no pagamento.
- Está exenta, de conformidade co artigo 82.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

#### **2.- CONSULTA DE DATOS. OPCIÓNS (marcar unha das opcións)**

##### **A. AUTORIZACIÓN DE CONSULTA DE DATOS**

De conformidade co artigo 4 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos, e 6.2.b da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, autorizo o órgano contratante para consultar os datos que a seguir se relacionan:

(sinalar expresamente poñendo unha cruz ante o servizo autorizado)

- Estar ao día no pagamento coa Seguridade Social
- Estar ao día no pagamento de obrigas tributarias para a contratación coas administracións públicas
- Imposto sobre actividades económicas (IAE) de ámbito provincial e estatal
- Validación de NIF de persoas xurídicas contribuíntes
- Consulta datos de identidade de persoas físicas

### B- OPOSICIÓN EXPRESA Á CONSULTA DE DATOS

- De conformidade co disposto no parágrafo 2 do artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, manifesto expresamente a miña oposición a que os datos que obran en poder das administracións públicas e que se me requirian pola Corporación RTVG sexan consultados directamente por esta e, polo tanto, comprométome a achegar a documentación requirida.

### **3-. SUBCONTRATACIÓN (información non esixible nos proxectos de apoio á produción cinematográfica)**

Para a producción da obra declaro que:

- A entidade á que represento non ten previsto subcontratar con terceiros a execución da obra audiovisual
- A entidade a que represento ten previsto subcontratar con terceiros a execución da obra audiovisual:

INDICACIÓN PARTE DO CONTRATO SUBCONTRATADA	INDICACIÓN SUBCONTRATISTA	PORCENTAXE SUBCONTRATACIÓN

### **4- CÓDIGOS ÉTICOS**

Manifesta coñecer o modelo de prevención de delitos da Corporación RTVG que se encontra dispoñible na súa paxina web e o alcance e o contido do Código Ético Institucional da Xunta de Galicia, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia do 24 de xullo de 2014 (DOG nº 179 do 19 de setembro de 2014), aplicable as entidades instrumentais do sector público autonómico.

En ..... , o ... de ..... de 20...

(Lugar e data)

Sinatura:

## ANEXO II. FICHA DE REXISTRO

Datos da persoa de contacto a efectos de comunicación e notificación

Nome	Apelidos	NIF
Teléfono	E-mail	Cargo

Datos da persoa autorizada para poder presentar as propostas e asinar o contrato.

Nome	Apelidos	NIF
Actúa en calidad de		

Datos da empresa solicitante

Nome da produtora	CIF/NIF			
Domicilio Social				
Municipio/Localidade	CP	Provincia	País	Teléfono

En caso de Co-productoras a primeira fila ten que aparecer a empresa solicitante.

Co-productoras	CIF/NIF	%	País	Reservado dereito <sup>1</sup>

<sup>1</sup> Reservado explicitamente dereito no contrato de coprodución en favor da empresa solicitante para asinar coa Corporación RTVG.

Título do proxecto	
Tipoloxía do proxecto <sup>2</sup>	
Modalidade contratación <sup>3</sup>	

En caso de seleccionar producción realizada en exclusiva para a Corporación RTVG no apartado anterior tes que sinalar expresamente poñendo unha cruz nunha destas dúas casillas

Declaro que o custe total da obra coincide co importe a aboar pola Corporación RTVG, sen que existan axudas, outros ingresos ou recursos destinados a execución da obra que superen o custo total que será o que figura no orzamento.

Declaro que para a execución da obra contase coa seguinte axuda, ingreso o recurso ..... por importe de ..... Esta cantidade e o importe aboados pola Corporación RTVG non supera o custo total da obra que será o que figura no orzamento.

En caso de seleccionar apoio á producción cinematográfica no apartado anterior, tes que sinalar expresamente poñendo unha cruz esta casilla

Declaro que non conta con axudas, outros ingresos ou recursos diferentes aos establecidos no plan de financiación destinados a execución da obra que superen o custo total.

Lingua V.O. <sup>4</sup>	%

Clasificacións por idades <sup>5</sup>			
Descripción do contido			
Directo	Si/Non	Formato	<sup>6</sup>
Imaxes de arquivo <sup>7</sup>	Si/Non		
Nº de capítulos		Custo por capítulo (sen IVE)	
Duración <sup>8</sup>		Custo total (sen IVE)	

<sup>2</sup> Programas de televisión (PT)/ Ficción -películas para televisión, mini-series e series de ficción en xeral- (FC)/ Animación -series e longametraxes- (AN)/ Longametraxes -de ficción- (LO)/ Documentais -series e longametraxes- (DO).

<sup>3</sup> Producción realizada en exclusiva para a Corporación RTVG ou apoio á producción cinematográfica


<sup>4</sup> En caso de ter mais de unha lingua en versión orixinal, indicar a porcentaxe de cada lingua.

<sup>5</sup> En base ao CÓDIGO DE AUTORREGULACIÓN SOBRE CONTIDOS TELEVISIVOS E INFANCIA

<sup>6</sup> Diario, Semanal, Mensual, Especial ou Fin de semana

<sup>7</sup> Se dará un máximo de un 10% sobre a duración da obra para a produción realizada en exclusiva. Calquera duración excepcional terá que ser analizada pola Comisión

<sup>8</sup> Duración en minutos



ANEXO III. PONDERACIÓN EN PUNTOS DAS DISTINTAS DIMENSIÓNS SEGUNDO MODELOS DE BAREMO.

MODELOS DE BAREMO	B1 PROGRAMAS	B2 PELÍCULAS E SERIES DE TV	B3 SERIES E LONGAMETRAXES DE ANIMACIÓN	B4 LONGAMETRAXES	B5 DOCUMENTAIS
DIMENSIÓNS DE VALORIZACIÓN	PUNTOS	PUNTOS	PUNTOS	PUNTOS	PUNTOS
CALIDADE	25	30	30	30	30
CULTURA E IDENTIDADE	7	5	5	5	6
PROMOCIÓN DA LINGUA	4	5	5	5	5
PROMOCIÓN DO TALENTO	5	5	7	7	6
PROMOCIÓN DE GALICIA	7	7	3	6	6
COMERCIALIZACIÓN	5	3	5	5	3
INNOVACIÓN E TECNOLOGÍA	5	5	5	5	4
XESTIÓN RESPONSABLE	40	38	38	35	38
ACESIBILIDADE	2	2	2	2	2
<b>TOTAL</b>	<b>100</b>	<b>100</b>	<b>100</b>	<b>100</b>	<b>100</b>